



## Concello A Guarda

---

### **BASES ESCAPE ROOM sobre Igualdade “ESTRELAS”**

O Concello da Guarda organiza a actividade “Escape Room” Sobre Igualdade que leva por título Estrelas.

Unha experiencia de Escapismo onde mulleres relevantes da Historia serán as protagonistas

A actividade é gratuítá, está subvencionada cos Fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Tratase dunha actividade que combina a aprendizaxe e o traballo colaborativo xa que se necesita o traballo de todo o grupo para ir resolvendo as distintas probas

**1. Persoas Destinatarias:**. Público xeral (familias con crianzas, persoas adultas, crianzas

con autorización das persoas responsables...)

A proba está recomendada a partir dds 12 anos en diante debido aos coñecementos necesarios (culturais , de estratexia....) aínda que non é excluínate. Tratase dunha actividade que se desenvolve en grupos.

Os grupos deberán integrarse cun mínimo de 3 persoas e un máximo de 5. Poderán participar 15 grupos como máximo.

**2. Lugar de realización, data e horario:** A actividade terá como base a Praza de Avelino Vicente e desenvolverase na zona vella e no Castelo de Santa Cruz , o sábado 2 de abril ás 17:00h.

**3. Desenvolvemento da actividade:**

**Punto de encontro:** ás 17:00 h. na Praza de Avelino Vicente.



## Concello A Guarda

---

### **Primeira parte. Charla técnica (20 minutos).**

Nela explicarase a dinámica da actividade, as regras da mesma, así como a resolución das posibles dúbidas que lles poidan xurdir ás persoas participantes. Unha vez repartido o material para cada equipo, comezará a proba, saíndo todos os equipos ao mesmo tempo.

### **Segunda parte. A Procura (30 minutos)**

En primeiro lugar os equipos deberán localizar, coa axuda dun mapa, diferentes puntos de control distribuídos polo contorna da zona vella da Guarda e o Castelo de Santa Cruz. No seu itinerario deberán atopar certa información que será vital para a seguinte parte da proba. Acabar o antes posible outorgará aos equipos máis tempo para superar a seguinte fase. Esta parte terá unha duración aproximada de 30 minutos, cunha distancia total a percorrer aproximada de 2-3Km e un nivel de esixencia medio-baixo. Para iso, as/os participantes contarán cun plano da vila.

### **Terceira parte. Escape Room**

Os equipos volverán á Praza de Avelino Vicente, onde se desenvolverá unha proba sonora grupal. Cada equipo contará con numeroso material gráfico en forma de debuxos, imaxes, palabras, números..., paralelamente unha gravación deseñada para a ocasión acompañaraos en todo momento, e será a clave para resolver a proba, apoiándose nas pistas que conseguiron na fase anterior. O obxectivo final é conseguir a combinación numérica coa cal abrir a caixa forte e o código de 6 letras para abrir o críptex.



## Concello A Guarda

---

**4. Material** Todo o material para o desenvolvemento da actividade será facilitado pola organización . As persoas participantes deberán acudir con roupa e calzado cómodo para andar e/ou correr.

### **Solicitud de inscrición e prazo**

As persoas interesadas en participar na actividade poden **presentar a solicitude de forma presencial** na conserxería (punto de Información) do Concello da Guarda (Casa dos Alonso) en horario de 8:00h a 15:30h. e no centro cultural en horario de 17:00 a 20:00h. **ou a través do seguinte correo electrónico:** [conserje@aguarda.es](mailto:conserje@aguarda.es) ( pode descargarse o modelo de solicitude da páxina web do Concello)

**No caso de menores de idade non acompañados, deberán presentar autorización asinada polas súas proxenitoras/es ou titoras/es**

**Selección das persoas participantes:** Seleccionaranse os equipos participantes por rigurosa orde de inscrición da solicitude

### **Listado de admitidos/as**

O venres 31 de marzo publicarase a listaxe dos equipos admitidos na páxina web do Concello e comunicarse a través do e-mail que se facilite na solicitude, así como a listaxe de suplentes.

**6.** O Concello da Guarda resérvase tódolos dereitos de cambiar ou modificar a actividade.

**7.** Para máis información poden contactar de luns a venres en horario de 8:00 a 15:30 h.no teléfono 986610000 (conserxería- punto de información do Concello da Guarda na Casa dos Alonso)